

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE NÚM.: 2023/X999/000094

EXPEDIENTE DE DECRETO: 2023/G003/000277

PROCEDEMENTO: ACORDO DE FIXACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A
REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE VERÁN 2023

Vista a memoria de data 26/06/2023, na que se expón que o Concello ten previsto realizar actividades deportivas durante os meses de xullo e agosto de 2023, e prevéndose unha participación aproximadamente de 30 persoas por actividade.

Tendo en conta que o custo total de cada actividade e o seguinte:

ACTIVIDADE	CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE
Ruta en kayak polas Fragas do Eume	602,00 €
Excursión a Aventura Mundocio	643,00 €
Excursión a Melide o parque infantil de bolas Xanela	358,00 €

Visto o establecido no artigo 4 da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades deportivas, culturais, recreativas e de ocio publicada no BO P nº 19 de 29 de xaneiro de 2021:

*“Artigo 4.- Contías**1.-O establecemento e contía do prezo público regulado nesa ordenanza será o que fixe en cada caso a alcaldía en atención ó custo dos mesmos.**2.-Para a fixación do importe do prezo público será necesaria a proposta do servizo ou departamento responsable da prestación do servizo ou realización de actividades, na que se xustifique documentalmente:**O custo total da actividade ou servizo.**O número estimado de asistentes ou participantes.**O importe dos prezos públicos pola realización de actividades deberá cubrir como mínimo o coste da actividade realizada. En todo caso, se o prezo a abonar polos interesados é inferior ó custo do servizo ou actividade nos termos regulados no artigo desta ordenanza, a proposta do servizo ou departamento responsable deberá incluír a previsión do seu financiamento.**Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público, que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado anterior. Neste caso consignarase nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.**3. Acordadas as contías do prezo público de cada actividade, o acordo será exposto no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello a efectos da súa publicidade.”*

Pola presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Acordar o carácter social das actividades e fixar o prezo público a abonar polos participantes nas citadas actividades. O prezo a abonar será o seguinte:

ACTIVIDADE	PREZO A ABONAR POR PARTICIPANTE
Ruta en kayak polas Fragas do Eume	10,00 €
Excursión a Aventura Mundocio	10,00 €
Excursión a Melide o parque infantil de bolas Xanela	8,00 €

SEGUNDO.- Espoñer este acordo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a efectos da súa publicidade.

TERCEIRO: Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

Mandao e asíno, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, do que eu, como secretaria-interventora, dou fe.

O alcalde
Luis Lisardo Santos Ares

A secretaria-interventora
Alejandra. D Fandiño Sánchez